

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚM. 2025/0046

En Ribeira de Piquín, a 31 de marzo de 2025.

Asunto: Lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a contratación de dous/dúas (2) peóns agrícolas, a xornada completa (100%), durante seis (6) meses.

DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, PRESIDENTE DA FUNDACIÓN MUNICIPAL “TERREO”.

De conformidade co expediente de provisión de dous/dúas peóns agrícolas, como persoal temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de seis (6) meses, mediante concurso-oposición regulado nas Bases aprobadas por Resolución da Presidencia núm. 2025/0036, de data 18 de marzo de 2025.

Visto que con data 21 de marzo de 2025 se publicou anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 066, comezando a contar o prazo de presentación de instancias a partir do día seguinte da dita publicación.

Analizadas as solicitudes presentadas e tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos do devandito proceso selectivo, cos/as seguintes aspirantes:

LISTA DE ADMITIDOS:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN DO IDIOMA GALEGO
Fernández Díaz, Javier	***7824**	NON
Fernández Fernández, José Manuel	***7868**	NON
Blanco Martínez, Irene	***8977**	SI

LISTA DE EXCLUÍDOS:

Ninguén.

SEGUNDO.- Proceder a nomear os seguintes empregados/as públicos como membros do Tribunal de selección de persoal:

Presidente: Dna. Andrea Pasarín Marey, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Vogais:

D. Juan Hernando Rosa Ruíz, Secretario-Interventor acumulado do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Dna. María Edrosa Otero, Administrativa da Fundación Municipal Terreo.
Dna. María del Carmen Carricajo Alavés, Traballadora Social do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Secretaria: A Secretaria da Fundación Municipal Terreo, Dna. Pilar Tella Mazoy, ou persoa en quen delegue.

Igualmente, proceder a convocar ao citado Tribunal para o 3 de abril de 2025, ás 08:30 horas, no salón de plenos da casa consistorial de Ribeira de Piquín, aos efectos da realización da fase de concurso.

TERCEIRO.- Convocar aos aspirantes que non acreditaron o coñecemento do idioma galego para realizar a proba escrita correspondente, ás 09:00 horas do día 3 de abril de 2025, no salón de plenos da casa consistorial de Ribeira de Piquín.

CUARTO.- Convocar aos aspirantes do citado proceso selectivo para a realización do primeiro exercicio, de carácter teórico, ás 09:30 horas do día 3 de abril de 2025, no salón de plenos da casa consistorial de Ribeira de Piquín. Unha vez concluído este e puntuado polo Tribunal, procederase seguidamente á realización do segundo exercicio, de carácter práctico.

QUINTO.- Dar conta da presente resolución ao Patronato da Fundación municipal "TerrEo" na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Mándao e asíno o Sr. Presidente, D. Roberto Fernández Rico, en Ribeira de Piquín a 31 de marzo de 2025. Do cal como Secretaria, Dou Fe.

Asdo.: D. Roberto Fernández Rico,
Presidente.

Asdo.: Dna. Pilar Tella Mazoy,
Secretaria.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE